



CONVENIO ENTRE A AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A ASOCIACIÓN DE INDUSTRIAS DEL METAL Y TECNOLOGÍAS ASOCIADAS DE GALICIA (ASIME) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COA ENERXÍA EÓLICA MARIÑA FLOTANTE DURANTE O ANO 2026.

REUNIDOS

Dunha parte, Pablo Fernández Vila, en nome e representación da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, en adiante Inega, con domicilio na rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5, 15707- Santiago de Compostela, e na súa calidade de director deste, cargo para o que foi nomeado polo Decreto 95/2022, do 9 de xuño, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire a Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia da Axencia Inega (DOG núm. 60, do 27 de marzo).

Doutra parte, D. Justo Sierra Rey, en nome e representación da Asociación de Industrias del Metal y Tecnologías Asociadas de Galicia (en diante, ASIME), con NIF G36614774 e domicilio en Avda. Doctor Corbal, 51, 36207 Vigo. Comparece na súa calidade de presidente da devandita asociación, en virtude da escritura pública de solemnización de acordos sociais número oitocentos noventa e cinco, con data vinte e tres de marzo de 2023.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que, para negociar e adoptar acordos en nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o INEGA é unha entidade instrumental do sector público autonómico con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins que se constitúe en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo e entre os seus fins están "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a





óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".

Que para o exercicio axeitado das súas funcións, o INEGA pode establecer convenios e contratos con institucións públicas ou privadas, así como colaborar con outras Administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro, de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxía (art. 5 da Lei 3/1999).

Segundo.- A enerxía eólica mariña flotante consolidouse como unha das tecnoloxías renovables con maior potencial de crecemento en Europa, especialmente en rexións cunha plataforma continental profunda, como é o caso de Galicia. A diferenza dos aeroxeradores mariños de cimentación fixa, a tecnoloxía flotante permite instalar parques eólicos en augas máis profundas, onde os recursos eólicos son máis intensos e constantes. Isto abre unha oportunidade estratéxica para Galicia, cuxo litoral presenta condicións óptimas para o desenvolvemento deste tipo de infraestruturas.

Desde o punto de vista enerxético, Galicia dispón dun dos maiores potenciais eólicos mariños do Estado, con ventos estables, unha ampla fachada atlántica e unha industria naval e portuaria capaz de asumir parte da cadea de valor asociada á fabricación, ensamblaxe e mantemento de plataformas flotantes. O desenvolvemento desta tecnoloxía podería contribuír a diversificar a matriz enerxética galega, reducir a dependencia de combustibles fósiles e avanzar cara aos obxectivos europeos de descarbonización.

Con todo, a implantación da eólica mariña flotante tamén expón desafíos relevantes. Entre eles destacan a compatibilidade con outros usos do mar — como a pesca, a biodiversidade mariña ou os roteiros de navegación—, a aceptación social nas comunidades costeiras e a necesidade dunha planificación espacial rigorosa que minimize os impactos ambientais e socioeconómicos. Neste contexto, a participación de organismos públicos especializados resulta esencial para garantir un desenvolvemento equilibrado e sostible.

En conxunto, a enerxía eólica mariña flotante representa unha oportunidade significativa para Galicia, tanto en termos enerxéticos como industriais. O seu desenvolvemento, con todo, require unha planificación coidadosa e unha gobernanza sólida na que o Inega desempeña un papel fundamental como axente técnico, coordinador e dinamizador. A colaboración entre administracións, sector privado, comunidades costeiras e centros de





investigación será determinante para que Galicia poida aproveitar plenamente o potencial desta tecnoloxía emerxente.

Terceiro.- Que ASIME é unha asociación empresarial galega sen ánimo de lucro, cuxa principal finalidade é a defensa dos intereses e o beneficio común das súas empresas asociadas. A entidade representa unha capacidade de acción singular, ao agrupar a máis de 600 empresas industriais, polo que toda actividade ou iniciativa promovida por ASIME conta cun elevado grao de participación e impacto no tecido empresarial galego.

Para a xestión e defensa dos seus intereses, ASIME actúa en múltiples ámbitos, entre os que destacan o desenvolvemento e participación en proxectos de I+D+i, a colaboración con outras entidades, o fomento e impartición de accións formativas, así como a promoción e execución de iniciativas de comercio exterior orientadas á internacionalización do sector do metal galego.

O sector metalmecánico galego conta cunha ampla experiencia e coñecemento na industria da construción e reparación naval, na eólica terrestre e no ámbito offshore, incluíndo plataformas petrolíferas, drillships, buques de apoio e módulos de proceso. No seo de ASIME intégranse empresas con capacidade para desenvolver proxectos tanto onshore como offshore, abarcando toda a cadea de valor: desde o deseño e a enxeñaría, ata a construción, transformación, instalación e mantemento de infraestruturas e sistemas.

Neste contexto, ASIME promoveu a creación do Galician Offshore Energy Group (GOE), co obxectivo de impulsar o desenvolvemento da eólica mariña en Galicia, identificar oportunidades de mercado e fomentar liñas de actuación conxuntas. Actualmente, o GOE integra empresas que exemplifican a capacidade e competitividade da industria galega en ámbitos como a fabricación de compoñentes para aeroxeradores, a construción e conversión de buques especializados, así como os sistemas de produción e transporte asociados ao sector offshore.

O GOE constitúe ademais un axente clave na dinamización do sector, promovendo iniciativas como o Galician Offshore International HUB, que reúne anualmente en Ferrol a máis de 300 empresas e entidades para analizar as tendencias, retos e oportunidades desta industria a nivel internacional.

Así mesmo, ASIME-GOE forma parte de WindEurope, unha das principais organizacións impulsoras da enerxía eólica en Europa, a través da cal as empresas galegas participan en eventos estratéxicos e acceden a oportunidades de colaboración e networking a nivel europeo.





Cuarto.- Na actualidade, é necesario continuar avanzando nas novas políticas enerxéticas dentro do Marco Estratéxico de Enerxía e Clima europeo, nacional, autonómico, destacando en canto a este último a "Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050" e a "Axenda Enerxética de Galicia 2030", a través da posta en marcha de novas propostas que redunden na consecución de novos obxectivos enerxéticos e medioambientais establecidos como camiño cara a unha transición enerxética efectiva e co máximo aproveitamento dos principais recursos enerxéticos renovables de orixe local.

A enerxía eólica mariña flotante representa unha oportunidade estratéxica para Galicia nun momento de transición enerxética acelerada. O seu elevado potencial de xeración, unido á capacidade industrial e portuaria do territorio, sitúa á comunidade nunha posición privilexiada para liderar o desenvolvemento desta tecnoloxía no Atlántico europeo. Con todo, a súa implantación esixe un marco de gobernanza sólido, apoiado na normativa estatal e nunha planificación autonómica coherente cos obxectivos europeos de descarbonización.

Neste escenario, o INEGA desempeña un papel esencial como organismo técnico e estratéxico. O seu labor de análise, coordinación e promoción permite integrar a eólica mariña flotante na planificación enerxética galega, garantindo que o seu desenvolvemento sexa compatible coa protección ambiental, a actividade pesqueira e o equilibrio territorial. A colaboración entre administracións, sector privado, centros de investigación e comunidades costeiras será determinante para transformar este potencial nun modelo enerxético sostible, competitivo e socialmente aceptado. Galicia, co apoio do Inega, ten a oportunidade de converter a eólica mariña flotante nun motor de innovación e desenvolvemento económico para as próximas décadas.

É por isto que o INEGA, neste marco, e no seu obxectivo de impulsar o estudo das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas renovables e a mellora do aforro e a eficiencia enerxética require a colaboración de ASIME para a realización das actividades obxecto do presente convenio ao considerar que dispón do perfil máis axeitado como axente sectorial estratéxico que integra e representa de maneira singular ao ecosistema industrial galego vinculado á cadea de valor da eólica mariña flotante. A súa participación resulta esencial pola capacidade de agregación empresarial, interlocución sectorial, mobilización de empresas e coordinación técnica especializada que non poden ser obtidas mediante unha prestación ordinaria de servizos en réxime de mercado.





Mediante este convenio o INEGA expón un marco de colaboración no que une as dúas experiencias e eidos de competencias de cadaquén para conseguir fins comúns de interese público por iso é a canle axeitada, rigorosa e segura a través da colaboración leal e profesional entre os asinantes.

Quinto.- O INEGA participa no presente convenio por tratarse dunha actuación que vai servir para a consecución dos obxectivos establecidos na "Axenda Enerxética de Galicia 2030".

Por isto, INEGA e ASIME están interesados en colaborar para a consecución destes obxectivos e, para tal efecto, subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Constitúe o obxecto do presente convenio a colaboración entre as partes, para a consecución dos obxectivos comúns de ASIME e INEGA para a realización dun estudo de impacto da enerxía eólica mariña en Galicia así como outras actividades relacionadas co impulso de dita enerxía que se levarán a cabo mediante a avaliación e estimación das capacidades das empresas participantes.

Durante a vixencia do convenio desenvolveranse as actuacións que se definen na cláusula segunda.

Segunda.- Compromisos de ASIME

ASIME comprométese á realización das seguintes actuacións co alcance e orzamento que se indican:

Nº	Concepto	Importe
ACTUACIÓN ESTRATÉXICA		
1	Execución proxecto "North Value"	25.000 €
2	Estudio impacto eólica mariña en Galicia	20.000 €
TOTAL		45.000 €





1. Execución proxecto "North Value"

O proxecto ten como obxectivo levar a cabo un diagnóstico das múltiples capacidades da cadea de valor vinculada á enerxía eólica mariña flotante, fomentando a creación dun ecosistema colaborativo de axentes esenciais ao redor desta tecnoloxía.

Este ecosistema non só impulsará o desenvolvemento da eólica mariña flotante, senón que tamén terá un efecto tractor sobre outras industrias relacionadas, xerando un impacto multiplicador que contribuirá significativamente ao crecemento económico e social da rexión.

O obxectivo principal é avaliar e estimar as capacidades das empresas participantes en termos de investimento, execución e formación, co fin de posionalas como provedores estratéxicos para os promotores e axentes sociais interesados no desenvolvemento de grandes parques de eólica flotante no norte de España. Para iso, incluírse dentro destes apartados recursos específicos destinados á:

- Contratación dunha certificadora experta que brinde asistencia técnica de alto nivel para garantir a calidade e fiabilidade no desenvolvemento das actividades.
- Cobertura dos custos de persoal asociados á coordinación, avaliación e validación dos servizos contratados, asegurando o cumprimento dos obxectivos establecidos.

Por último, cabe destacar que Galicia está chamada a desempeñar un papel estratéxico nesta industria, grazas ás súas capacidades demostradas en múltiples áreas: abundancia de recursos renovables, unha industria altamente competitiva, infraestruturas portuarias de primeiro nivel e unha dilatada experiencia no sector. Este potencial converte á rexión nun actor cruce para liderar a transición cara a un modelo enerxético máis sostible.

2. Estudio impacto eólica mariña en Galicia

Realización dun estudo integral sobre o impacto da eólica mariña en Galicia, avaliando tanto o contexto ambiental como o socioeconómico na rexión. Esta análise abarcará o efecto potencial dos parques eólicos mariños na biodiversidade e nos ecosistemas locais, así como as oportunidades e desafíos económicos para as comunidades costeiras e as empresas do sector.

O estudo tamén considerará a infraestrutura e capacidade actual de Galicia para apoiar e expandir esta industria emerxente, identificando áreas de





mellora e propoñendo recomendacións para unha integración sostible e competitiva.

Poderase incluír dentro deste apartado os custos de persoal encargados da execución das tarefas e a contratación de servizos externos necesarios para o desenvolvemento desta.

Unha vez realizadas as actividades ASIME documentará os resultados obtidos en ambos casos e entregará unha copia a INEGA.

Terceira.- Compromisos do INEGA

1. Financiar o 100% das actividades obxecto deste convenio descritas na cláusula primeira.
2. Facilitar o asesoramento técnico e colaboración que sexa necesaria para a elaboración dos contidos desta actuación.
3. Calquera outra función que resulte de mutua conveniencia por razón do obxecto do convenio.

Cuarta.- Financiamento

Para o desenvolvemento do obxecto do presente Convenio, o INEGA aportará a cantidade de 45.000,00 € que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 09.A3.733A.641.1 do seu orzamento de gastos para o ano 2026.

Quinta.- Xustificación e pagamento

1. O importe que achega o INEGA ten como destino exclusivo a compensación dos custos nos que incorre ASIME no desenvolvemento das actuacións obxecto do presente convenio realizadas dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro deste ano, para compensar os gastos nos que incorre ASIME na realización das devanditas accións e polo que non existe ánimo de lucro por parte desta última.
2. O pagamento da cantidade aportada polo INEGA efectuarase, mediante transferencia bancaria, en dous libramentos, realizando o primeiro unha vez xustificadas, antes do 15 de setembro de 2026, as actuacións realizadas antes da devandita data, e un segundo unha vez xustificada a totalidade das accións contempladas neste.





Para o pagamento de cada un dos libramentos será preciso que os traballos obxecto do presente convenio estean executados e entregados ao INEGA antes do 15 de setembro e 15 de novembro. Ademais, ASIME debe achegar antes de ditas datas a seguinte documentación:

- a) Certificación expedida pola entidade bancaria na que conste, ademais da dita titularidade, o seguinte: IBAN, ordinal bancario, código do banco, código de sucursal e código de conta corrente.
- b) Memoria xustificativa da realización das actividades previstas.
- c) Memoria económica coa xustificación dos gastos incorridos no período de xustificación. ASIME entregará xustificación documental dos gastos realizados baixo este convenio mediante as correspondentes facturas e demais documentos de valor probatorio equivalentes con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.
- d) Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, ou autorización para que INEGA realice estas consultas polos seus propios medios.

Previo ao aboamento correspondente ao segundo libramento certificarase, polo responsable do proxecto, que os traballos realizados se axustan ao previsto no presente Convenio.

No caso de que a xustificación dos gastos e pagos sexa inferior o importe fixado na estipulación cuarta do convenio, a aportación do INEGA diminuirá de xeito proporcional.

O INEGA reservará para si o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa con relación á xustificación dos respectivos gastos.

Sexta.- Propiedade Intelectual

A propiedade intelectual e material dos traballos que resulten deste convenio será conxunta do INEGA e de ASIME. A información que se obteña, os resultados das investigacións e o seu alcance poderán ser difundidos con autorización expresa de ASIME e do INEGA, deixando constancia nas publicacións da participación de cada unha delas. En toda a documentación





ou documento relacionado co presente convenio producido en forma unilateral, farase constar a colaboración prestada polo outro membro sen que isto signifique responsabilidade algunha, respecto do contido da publicación ou documento.

Sétima.- Vixencia.

O presente convenio estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Non se contempla a posibilidade de prórroga da vixencia do convenio.

Oitava.- Relacións laborais

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolveron as actividades e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente convenio de colaboración.

Novena.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento e cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión de seguimento e control formada por un representante do INEGA, que presidirá a mesma e terá voto de calidade, e outro de ASIME e que terá como misión:

- Velar pola correcta aplicación e desenvolvemento do convenio.
- Definir o alcance exacto das actuacións específicas a realizar en desenvolvemento do convenio.
- Informar e presentar propostas sobre a marcha e necesidades do proxectos e actuacións que se aborden.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décima.- Protección de datos





As partes están obrigadas a cumprir coas normas sobre a protección de datos de carácter persoal, en concreto, co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/45/CE.

Os asinantes manifestan o seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que constan no presente convenio e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Décimo primeira.- Publicidade

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios, e de sancións da Xunta de Galicia.

En virtude do disposto no parágrafo anterior ASIME consinte expresamente a inclusión e publicidade nos devanditos rexistros dos datos relevantes referidos ao convenio.

Décimo segunda.- Causas de resolución

O convenio extinguirase polo incumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por concorrer algunha das causas de resolución previstas nel.

Son causas de resolución as seguintes:

- a. O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.
- b. O mutuo acordo entre as partes.
- c. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por calquera das partes.
- d. A denuncia expresa de calquera das partes, formulada por escrito con quince días de antelación.
- e. O incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas.





Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.

Décimo terceira.- Natureza e réxime xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público; sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios da devandita Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentar.

Este convenio o ter carácter administrativo todas as diferenzas que poidan xurdir entre o INEGA e ASIME, en relación coas cuestións controvertidas non resoltas no seno da comisión de seguimento, someteranse ao coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa.

O presente convenio rexerese polas súas cláusulas e polo Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de Abril de 1991, sobre convenios de colaboración con outros entes públicos e con particulares, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E en proba de conformidade, asíñase o presente convenio de colaboración na data da sinatura electrónica.

Pablo Fernández Vila

Justo Sierra Rey

Director do INEGA
Por Resolución do 10/03/2017 de
Delegación de competencias da
Presidencia da Axencia (DOG 27/03/2017)

Presidente de ASIME

